



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa ó arranxo do camiño que vai da praia da Corna a Illa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Temos paisaxes fermosos para gozalos durante todo ano, polo inverno podemos facelo dando longos paseos e na temporada estival achegándonos as diversas praias do municipio.

Desde Caíños, onde comeza o areal da praia da Corna, ata a praia da Illa, discorre un camiño que é concorrido e transitado para andar durante todo o ano, tanto por veciños, turistas e persoas de pobos limítrofes.

No inverno, debido as choivas faise intransitable debido as numerosas fochancas que impiden o paso. A maleza e as herbas de gran altura, fan que a camiñada sexa difícil e perigosa.

Un paseo que a pesar das espléndidas vistas non é nestes intres o lugar máis adecuado para pasar unha tarde ou mañá ca saudable intención de facer un pouco de exercicio disfrutando do mar e a natureza.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Limpar a maleza e arranxar o firme de maneira duradeira, (con zahorra ou similar),

2.- Eliminar as fochancas do camiño que vai desde a praia da Corna a praia da Illa para que se poda transitar permanentemente, tanto por deportistas como transeúntes.

A Pobra do Caramiñal, 09 de novembro de 2018.



Mª Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL